

*Orde do 10 de xaneiro de 2005 pola que se regula o réxime de concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil en centros docentes privados para o curso académico 2005-2006.*

Coa finalidade de facilitar a escolarización da etapa de educación infantil nos centros que elixisen os seus pais ou titores, sen que condicionamentos de tipo económico impedisen a efectiva liberdade de escolla de centro recollida na Constitución Española de 1978, o Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, desde o ano académico 1991-1992, estableceu axudas económicas aos centros docentes privados que escolarizasen alumnos de 4 ou 5 anos, e, como consecuencia das disponibilidades orzamentarias, non foi posible atender todas as solicitudes, así como a ampliación para unidades que escolarizasen alumnos de 3 anos.

O artigo 46 da Lei 8/2003, do 23 de decembro (DOG do 29 de decembro), de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé a transformación da subvención á educación infantil en concertos educativos de acordo co establecido no artigo 15.2º do Real decreto 827/2003, do 27 de xuño (BOE do 28 de xuño), polo que se fixa o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro), de calidade da educación, fixando que para o ano académico 2004-2005 os convenios e as subvencións actualmente subscritos ou outorgados a centros do segundo ciclo de educación infantil se transformarán en concertos para as ensinanzas de educación infantil, sempre que cumpran os requisitos do réxime de concertos previstos nas leis educativas.

O Real decreto 1318/2004, do 28 de maio (BOE do 29 de maio), polo que se modifica o Real decreto 827/2003, difire ao curso académico 2006-2007 a aplicación dalgunha das medidas previstas no dito real decreto e, en concreto, a implantación, con carácter xeral, dos tres cursos da nova ordenación da educación infantil, polo que o establecido na disposición adicional terceira do mencionado Real decreto 827/2003, concertación de educación infantil, no que a prioridades se refire, deberase ter en conta a partir do ano académico 2006-2007 para, deste xeito, completar a actuación iniciada no curso académico 1991-1992 e priorizar a concertación con aquelas unidades de 4 e 5 anos que non puideron contar con subvención ningunha por falta de disponibilidades orzamentarias.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### *DISPÓN:*

Primeiro.-O obxecto desta disposición é regular os concertos educativos a subscribir cos centros docentes privados que impartan educación infantil ao alumnado de 3, 4 e 5 anos, e que cumpran cos requisitos regulamentarios.

Segundo.-Esta orde terá vixencia temporal para o curso académico 2005-2006, tendo en conta o pre-

visto no antedito Real decreto 1318/2004, do 28 de maio.

Terceiro.-Os centros docentes que desexen acollerse ao sistema de concerto educativo para unidades de educación infantil establecido nesta orde deberán solicitalo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes presentaranse nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do ámbito territorial en que estean situados os centros, especificando se o concerto é para unidades de tres anos (nados no 2002), catro anos (nados no 2001) ou de cinco anos (nados no 2000) ou mixta (3, 4 e 5 anos), e deberán subscribilas os titulares dos centros, que, no suposto de que se trate de persoas xurídicas, serán os que ostenten a súa representación.

Cuarto.-As solicitudes faranse no modelo que se xunta no anexo I e irán acompañadas de memoria explicativa en que se faga constar explicitamente:

-Nº de alumnos de 5 anos, nados en 2000.

-Nº de alumnos de 4 anos, nados en 2001.

-Nº de alumnos de 3 anos, nados en 2002.

Quinto.-O titular do centro queda obrigado a ter en funcionamento o número total de unidades que sexan obxecto de concerto educativo. Os centros concertados deberán ter unha relación media alumno/aula, por unidade de educación infantil concertada, en todos os casos, non inferior a 15, nin superior a 25.

Sen prexuízo do anterior, cando nunha mesma unidade se escolaricen alumnos de 3 anos con nenos de 4 e/ou 5 anos, a ratio máxima será de 20 alumnos/unidade.

Sexto.-A concesión de concerto educativo farase de acordo coas disponibilidades orzamentarias e tendo en conta as seguintes prioridades:

1º Concertaranse as unidades de educación infantil que contan con concerto no curso 2004-2005.

2º Concertaranse unidades de educación infantil de centros que impartan tamén educación primaria concertada, sempre e cando a liña de educación infantil a concertar non sexa superior á liña de educación primaria concertada e o centro non teña en funcionamento unidades de educación infantil por enriba da dita liña de educación primaria concertada, coa seguinte orde de preferencia:

2.1) Unidades que escolaricen unicamente alumnos de 5 anos.

2.2) Unidades que escolaricen unicamente alumnos de 4 anos.

2.3) Unidades que escolaricen unicamente alumnos de 3 anos.

2.4) Unidades que escolaricen conxuntamente alumnos de 3, 4 e 5 anos cando o centro conte, como mínimo, con autorización para tres unidades

de educación infantil e teña en funcionamento dúas unidades, tendo en conta os alumnos escolarizados.

No número 2.3, dentro das disponibilidades orzamentarias, concertarase unha unidade de alumnos de tres anos establecendo a seguinte prelación:

a) Centros que no curso 2004-2005 contén con concerto educativo para menos de doce (12) unidades de educación primaria. (Liña 1).

b) Centros que no curso 2004-2005 contén con doce (12) ou máis unidades concertadas de educación primaria e menos de dezoito (18). (Liña 2).

c) Centros que no curso 2004-2005 contén con dezoito (18) ou máis unidades concertadas de educación primaria e menos de vinte e catro (24). (Liña 3).

d) Centros que no curso 2004-2005 contén con vinte e catro (24) ou máis unidades concertadas de educación primaria e menos de trinta (30). (Liña 4).

e) Centros que no curso 2004-2005 contén con trinta (30) unidades concertadas de educación primaria. (Liña 5).

Cando, dentro das alíneas de prelación anteriores, se dea igualdade de condicións entre dous ou máis centros, priorizarase en función da maior ratio en educación infantil e, de persistir a igualdade, o de maior ratio en educación primaria.

3º Poderanse concertar unidades en centros que imparten exclusivamente educación infantil cando o centro conte, como mínimo, con autorización para tres unidades de educación infantil e teña en funcionamento, como mínimo, tres unidades (1 de tres anos, 1 de catro anos e 1 de cinco anos).

Sempre que se dea igualdade de condicións en calquera dos puntos anteriores, terán preferencia os centros en réxime de cooperativa, así como aqueles centros en que se dean as condicións establecidas no artigo 75.5º da LOCE.

Sétimo.-As solicitudes presentadas serán avaliadas por comisións provinciais, presididas polo Delegado Provincial de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue, e terán a composición sinalada no punto décimo segundo da Orde do 10 de xaneiro de 2005 para as comisións de concertos educativos.

Oitavo.-As comisións provinciais avaliarán as solicitudes e mailas documentacións presentadas, de acordo cos criterios establecidos nesta orde, e elaborarán unha proposta motivada de resolución.

Estas propostas serán enviadas polas delegacións provinciais á Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa no prazo máximo de quince días naturais a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Noveno.-A Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, á vista da proposta sinalada no punto anterior, formularalle ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria proposta definitiva de resolución.

A resolución de concesión do concerto educativo ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria producirase no prazo máximo de seis meses a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta orde. As solicitudes denegadas serán motivadas.

No suposto de que non se ditase resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, o sentido do silencio será negativo.

A resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo.-Os concertos educativos formalizaranse en documento administrativo, que será asinado polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e polo titular ou representante legal do centro, en que se farán constar os dereitos e obrigas recíprocos, así como as características concretas do centro. Se o titular do centro non subscribiu o convenio na data que se lle notifique, entenderase decaído no seu dereito.

Décimo primeiro.-Os concertos de educación infantil tramitaranse con cargo á partida orzamentaria 07.03.322A.480.0 por unha contía total máxima de 8.461.090,29 € para o ano 2005 e de 15.461.562,98 € para o ano 2006.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Décimo segundo.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Décimo terceiro.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar os actos e disposicións complementarios que se consideren necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓN A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO</b> <b>CONCERTOS EDUCACIÓN INFANTIL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED509A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

CENTRO		CIF	
ENDEREZO		CONCELLO	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

**E na súa representación:**

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		CONCELLO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

UNIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL			UNIDADES PARA AS CALES SOLICITA CONCERTO			
AUTORIZADAS	EN FUNCIONAMENTO	CONCERTADAS	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	MIXTA

**SOLICITA:**

Acollerse á orde do \_\_\_\_\_ pola que se regula a concesión de concertos de educación infantil.

MEMORIA EXPLICATIVA

OBSERVACIÓNS:

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.</i>  <i>Orde do 10 de xaneiro de 2005 pola que se regula o réxime de concertos educativos para as ensinanzas de educación infantil en centros docentes privados para o curso académico 2005-2006.</i>
DATA E SINATURA DO SOLICITANTE  _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECTIBIDO	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria